



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: [correo@boimorto.es](mailto:correo@boimorto.es)

Teléfono: 981 516 020 Fax: 981 516 045

Web: [www.concellodeboimorto.es](http://www.concellodeboimorto.es)



**REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA).**

## **CERTIFICO:**

Que a Alcaldesa con data once de xullo de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

**Decreto:** 258 / 2016

**Data decreto:** 11/07/2016

**Descrición decreto:** Convocatoria e aprobación de bases para a selección de persoal laboral temporal para brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

**DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA )**

Vista a necesidade de contratación de persoal laboral temporal para a formación dunha brigada efectiva de prevención e defensa contra incendios forestais formada con 5 membros tal e como sinala o Convenio de colaboración, con rexistro de entrada 1519 en data 30/06/2016, suscrito entre este Concello e a Consellería do Medio rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa polo que se outorga subvención directa a este Concello para dito fin.

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección constando informe de secretaria intervención de data 11/07/2016.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente

## **RESOLVO**

**PRIMEIRO** .- Proceder á convocatoria e aprobación das bases para a selección de persoal laboral temporal para formación dunha brigada efectiva de prevención e defensa contra incendios forestais formada con 5 membros (un xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns de brigada), tal e como sinala o Convenio de colaboración indicado nos considerandos de este decreto.

Ter en conta en ditas bases os condicionamentos sinalados no Convenio antedito para a selección deste persoal, aprobando as bases que a continuación se reproducen

**<<BASES PARA A CONTRATACIÓN SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA SERVIZO DETERMINADO OS EFECTOS DE FORMACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O VERÁN DO ANO 2016>>**



### **Primeira.- Obxecto da Convocatoria Tipo de contratación retribucións período de proba e traballos a realizar**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de persoal laboral temporal por contrato de servizo determinado, mediante concurso-oposición, para formar unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais (composta por: un xefe de brigada , un peón condutor e tres peóns de brigada) durante a tempada de verán do ano 2016 persoal subvencionado tal e como sinala o Convenio de colaboración, con rexistro de entrada 1519 en data 30/06/2016, suscrito entre este Concello e a Consellería do Medio rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa polo que se outorga subvención directa a este Concello para dito fin.

Esta contratación será a 40 horas semanais prestadas de luns a domingo inclúense domingos, festivos e festas locais así como quendas de noite necesarias tendo os descansos que establece o texto refundido do estatuto dos traballadores fixando o/s horarios polo Servizo de Incendios da Xunta de Galicia e /ou a Alcaldía do Concello de Boimorto , e terá un período de duración de 3 meses, a modalidade contractual será dun servizo determinado.

A retribución mensual con paga extra xa prorrateada será :

**Para Xefe de brigada: de 1.100 euros brutos mensuais**

**Para peón condutor: de 940 euros brutos mensuais**

**Para cada un dos tres peóns de brigada: de 840 euros brutos mensuais**

**(quedando incluída a parte proporcional de paga extra nas retribucións sinaladas).**

En aplicación do artigo 14 do Estatuto dos traballadores establecece un período de proba de quince días laborais.

Os traballos a realizar consistirán en:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais, na redacción dada na Lei 7/2012 do 28 de xuño de montes de Galicia, e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia ( Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada.

Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

### **Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes**

1.- Para todos os aspirantes:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da mesma norma.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto, os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76 ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.

.- O acceso o emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados po España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.- Os estranxeiros ós que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola Lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1) os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2) os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por docencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.



c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso o emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

F) No seu caso acreditación coñecemento galego.

Serán requisitos específicos en aplicación do disposto no artigo 56.3 do Estatuto básico do Empregado público:

**Para o posto de xefe de brigada:**

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente

Carné de conducir B

**Para o posto de peón de brigada condutor**

Estar en posesión do 1º ciclo de ESO ou equivalente (admítense certificados de escolaridade, garantía social ou equivalente )

Carné de conducir B

**Para os 2 postos de peóns de brigada**

Estar en posesión do 1º ciclo de ESO ou equivalente (admítense certificados de escolaridade, garantía social ou equivalente )

O cumprimento dos requisitos anteriores entenderanse referidos ao último día do prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Ademais do anteriormente exposto, serán requisistos para tódalas categorías segundo o disposto no punto oitavo apartado cuarto do Convenio de colaboración, con rexistro de entrada 1519 en data 30/06/2016, suscrito entre este Concello e a Consellería do Medio rural (*páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente existe unha recomendación técnica sobre procedementos para selección de persoal para extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición*

*física:*

[http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion\\_personal\\_formacion\\_seguridad.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx):

- Recoñecemento médico segundo os criterios establecidos en dita recomendación técnica ( anexo IV)

- Sinaturas de cuestionario de aptitude para o exercicio físico C-AEF e Consentimento con coñecemento de causa Xeral ( anexo V).

Deberá indicarse presentarse en solicitudes de participación diferenciadas se quere ser candidato/a a varias prazas e de ser seleccionado/a e superar ambos procesos selectivos indicar xa na solicitude a opción prioritaria para contratación.

### **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO**

De presentar esta documentación os/as aspirantes que estean en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar documentación neste apartado será obrigatoria a realización dunha entrevista en galego para os que non acrediten o coñecemento do galego, na data fixada pola Comisión seleccionadora que se realizará polos servizos de normalización lingüística do Concello de Boimorto

Exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral preparada polos servizos de normalización lingüística do concello nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto e non apto e terá carácter eliminatorio.

Será corrixido e farase proposta de aptitude pola Normalizadora lingüística para finalmente adoptarse a decisión polo Tribunal, que será convocado para a realización deste exercicio antes do outorgamento de puntuacións finais e proposta do/a/s candidato/a/s.


### **Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso-Oposición**

O Concello de Boimorto dará publicidade á convocatoria e as bases de selección e demais actos deste proceso selectivo por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web ( computando prazos dende publicación do taboleiros de anuncios do Concello ) facendo referencia ós requisitos que deben reunir o/a traballador/a a contratar conforme da anterior base segunda.

Os/as aspirantes terán como data límite de presentación de instancias no rexistro xeral do Concello, para a participación neste/s proceso/s selectivo/s dez días hábiles seguintes os da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios deste Concello solicitude instancia de participación cuxo modelo se adxunta no (Anexo II) dirixida o Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Boimorto.

A instancia acompañarase de

- .-Fotocopia compulsada do DNI
- .- Currículo con fotocopia compulsada da documentación xustificativa dos méritos que se aleguen
- .- No seu caso fotocopia da titulación esixida para a praza a que se opta
- .- No seu caso permiso de conducir
- .- Recoñecemento médico ( anexo IV)
- .- Sinaturas de cuestionario de aptitude para o exercicio físico C-AEF e Consentimento con coñecemento de causa Xeral ( anexo V).



Deberá indicarse presentarse en solicitudes de participación diferenciadas se quere ser candidato/a a varias prazas e de ser seleccionado/a e superar ambos procesos selectivos indicar xa na solicitude a opción prioritaria para contratación

A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e de outorgando un día hábil aos excluídos no seu caso para alegacións sendo necesaria aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos procederán a/s Comisión/s seleccionadora/s a realizar unha proba de aptitude física, que será valorada como apto/a ou non. É obrigatoria e de carácter eliminatorio, e consistirá na proba do banco que será organizada polo servizo de animación deportiva do Concello propoñendo en informe a aptitude ou non dos aspirantes. Só se permitirá un único intento para superar a proba de aptitude física.

Protocolo da proba de aptitude física (Proba do banco):

( Segundo a recomendación técnica da páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre procedementos para selección de persoal para extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física:

[http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion\\_personal\\_formacion\\_seguridad.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx) disposto no punto oitavo apartado cuarto do Convenio de colaboración, con rexistro de entrada 1519 en data 30/06/2016, suscrito entre este Concello e a Consellería do Medio rural)

Dispoñer o metrónomo a unha cadencia de 90 pulsacións por minuto (22.5 ciclos de subir e baixar do banco cada minuto). Usarase un banco de 40 cm de altura para homes e un de 33 cm para mulleres.

Comezase a proba do banco subindo e baixando do mesmo en cadencia co metrónomo. Cada catro pulsacións do metrónomo representar un ciclo completo de subir e baixar do banco. Cada pulsación do metrónomo representa un so paso como segue:

- Subir ao banco co pé dereito
- Subir ao banco co pé esquerdo
- Baixar do banco co pé dereito
- Baixar do banco co pé esquerdo. O pé dianteiro debe cambiarse varias veces durante a proba. Procurar estender as pernas no punto máis elevado de cada ascensión ao banco.

Efectuar a proba durante 5 minutos. Ao final dos 5 minutos. Sentarse inmediatamente e tomar o pulso. Sentarse tranquilamente durante 15 segundos. Medir a conta de latidos durante 15 segundos. Entre o segundo 15 e o 30 despois dos 5 minutos da proba. Pesar nunha báscula a persoa e cos datos obtidos, idade, peso e pulsación, pasarase as táboas que se acompañan (Anexo III) e determinarase a capacidade aeróbica. Se a capacidade aeróbica é inferior a 40 non será apto para a extinción de incendios forestais.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a listas dos/as aspirantes co resultado a proba de aptitude física, tras a cal procederán a/s Comisión/s seleccionadora/s a valoración dos méritos dos/as aspirantes que obtiveron a calificación de apto na proba de aptitude física.

## FASE DE CONCURSO (Ver Anexo I)

### A experiencia

- Por ter experiencia en posto similar será acreditada mediante contratos de traballo e informe de vida laboral, actualizado, da Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, no caso de traballadores ao servizo dalguha administración pública as copias cotexadas dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da Administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente acompañando en todo caso de certificado de vida laboral. No caso de traballadores autónomos poderá acreditarse a experiencia profesional a través de certificado da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social conxuntamente con:

A) fotocopia cotexada de certificado expedido pola administración e / ou persoa xurídica para a cal prestara servizos ou se mantivera relación profesional no que se especifique con claridade a categoría profesional traballo prestado e duración do mesmo.

B) fotocopia cotexada do documento de declaración censal de alta modificación e no seu caso baixa no censo de obrigados tributarios ou certificado expedido polo órgano competente da Administración substitutivo da antedita declaración censal.

Cursos de **formación** relacionados coas funcións do posto de traballo mediante copia compulsada do correspondente título ou diploma homologado, non valorando xornadas, simposios e ou outros non considerados cursos nin de forma individual módulos pertencentes o temario dun curso que non pode calificarse de forma íntegra.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

## FASE DE OPOSICIÓN (Ver Anexo I)

Proba práctica:

Proba de capacitación profesional: consistirá na realización dunha proba do manexo da ferramenta de desbroce, durante un tempo máximo de 5 minutos. Puntuación máxima: 8 puntos.

### **Cuarta.- Comisión Seleccionadora e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso**

Estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: O encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto, D. Luis González Guerra

Suplente presidente: O condutor camión basura do Concello de Boimorto, D. Luis Sánchez Aguión.

-Vogais:

1º vogal: O Técnico deportivo do Concello de Boimorto, D. César Buján Barral.

Suplente 1º vogal: A Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, D.ª Ana María Vallo Camba.

2º vogal: O Axente Forestal do Distrito 3 da Comarca de Arzúa, D. Jose Manuel Vázquez  
Ascariz  
Suplente 2º vogal: O encargado de servizos do Concello de Boimorto, D. Manuel Vázquez  
García  
Secretaria: a do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e do Secretario.

A cualificación dos méritos para o concurso, así como a fase de oposición, realizarase pola Comisión seleccionadora axustándose ós criterios que establece o Anexo I destas Bases, a Comisión Seleccionadora chamará os propostos preseleccionados pola puntuación obtida no concurso como candidatos a ocupar as prazas convocadas para que en aplicación do artigo 61.5 do Estatuto básico do empregado público se sometan á realización dun recoñecemento médico.

Todas as convocatorias para día e hora destas probas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web

Decaen nos seus dereitos a ser contratados os/as aspirantes que non realicen, ou superen estas probas de entre os preseleccionados pola Comisión

A Comisión elevará ó Alcalde- Presidente a correspondente proposta de contratación a favor dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación total .

En caso de empate aplicarase o criterio de maior tempo de experiencia e de manterse o de maior formación segundo a información facilitada de manterse decidirse por entrevista curricular.

Se algún do/a candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, ou non supera recoñecemento médico a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor dos seguintes con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa por decreto da Alcaldía para a cobertura de posibles vacantes, sempre que os aspirantes obtivesen alomenos 4 puntos como requisito para formar parte de dita bolsa de emprego que queda sen efectos unha vez xustificada a subvención da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

#### **Quinta.-Contratación e Curso de Formación**

O contrato formalizarase á requirimento da Administración acreditado/s presentado/s polo/s aspirante/s

Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da/s Administracións Públicas, e non ter sido separado do servizo público.

A duración estimada é de tres meses dende a data de formalización do contrato.

Trala contratación o/s traballadores obríganse o aceptar estas bases do proceso selectivo a realizar un curso teórico práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas cós contidos do anexo IV do Convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería de Medio rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de técnico forestal impartido por persoal competente enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal curso obrigatorio para os integrantes da brigada inda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.



### **Sexta.- Incidencias**

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

### **Sétima.-Dereito supletorio**

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Texto refundido dos Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real decreto lei 8/1997, do 16 de maio, e demais lexislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

### **Oitava.- Norma final.**

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugnar os interesados no caso e na forma dispostos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## **ANEXO I**

### **Fase Concurso:**

#### **Baremo de méritos (máximo 2 puntos):**

1- Por ter experiencia profesional debidamente acreditada en postos similares (puntuación máxima 1,5 puntos):

Por cada mes traballado **0,30 puntos/mes.**

Este mérito acreditarase mediante contratos de traballo e informe de vida laboral

2- Formación (puntuación máxima 0,5 puntos)

Valoraranse os cursos homologados de formación e perfeccionamento seguintes recibidos relacionados coas funcións a desenvolver impartidos por organismos oficiais relacionados co servizo obxecto do contrato **máximo 0,5 puntos**, de acordo co seguinte sistema de baremación:

- Por cursos de 60 horas de duración como mínimo: 0.25 puntos.
- Por cursos entre 30 e 59 horas, 0.20 puntos.
- Por cursos de menos de 29 horas: 0.10 puntos.

Non se valora o título esixido para optar á praza.

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas, no que figure o número de horas das accións formativas.

#### **Fase Oposición (máximo 8 puntos):**

Valoración da proba práctica. Motivando a puntuación da seguinte forma:

- 4 puntos por aplicación da normativa de seguridade nos traballos a desenvolver.
- 4 puntos por axilidade e destreza no manexo da maquinaria

## **ANEXO II**

### **MODELO DE INSTANCIA**

D./Dña.....,CO  
n DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación

en.....  
CP.....localidade.....telf.....

**EXPON:**

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para selección de persoal laboral temporal para as brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

**SOLICITO:** Ser admitido no proceso selectivo de:

- Xefe de Brigada
- Peón de Brigada condutor
- Peón de Brigada

, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA**

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

\* Tamén son candidato no proceso selectivo de selección de persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios na categoría de ..... de ser seleccionado tras varios procesos selectivos sinalo como prioridade do meu interese (indicar 1º/2º/3º):

- ..... Xefe de Brigada
- ..... Peón de Brigada condutor
- ..... Peón de Brigada

Lugar e data

Asdo.:



**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and lines, located in the lower-left quadrant of the page.



Tabla de capacidad aeróbica ajustada a la edad

	72	71	70	69	68	67	66	65	64	63	62	61	60	59	58
	71	70	69	68	67	66	65	64	63	62	61	60	59	58	57
	70	69	68	67	66	65	64	63	62	61	60	59	58	57	56
	69	68	67	66	65	64	63	62	61	60	59	58	57	56	55
	68	67	66	65	64	63	62	61	60	59	58	57	56	55	54
	67	66	65	64	63	62	61	60	59	58	57	56	55	54	53
	66	65	64	63	62	61	60	59	58	57	56	55	54	53	52
	65	64	63	62	61	60	59	58	57	56	55	54	53	52	51
	64	63	62	61	60	59	58	57	56	55	54	53	52	51	50
	63	62	61	60	59	58	57	56	55	54	53	52	51	50	49
	62	61	60	59	58	57	56	55	54	53	52	51	50	49	48
	61	60	59	58	57	56	55	54	53	52	51	50	49	48	47
	60	59	58	57	56	55	54	53	52	51	50	49	48	47	46
	59	58	57	56	55	54	53	52	51	50	49	48	47	46	45
	58	57	56	55	54	53	52	51	50	49	48	47	46	45	44
	57	56	55	54	53	52	51	50	49	48	47	46	45	44	43
	56	55	54	53	52	51	50	49	48	47	46	45	44	43	42
	55	54	53	52	51	50	49	48	47	46	45	44	43	42	41
	54	53	52	51	50	49	48	47	46	45	44	43	42	41	40
	53	52	51	50	49	48	47	46	45	44	43	42	41	40	39
	52	51	50	49	48	47	46	45	44	43	42	41	40	39	38
	51	50	49	48	47	46	45	44	43	42	41	40	39	38	37
	50	49	48	47	46	45	44	43	42	41	40	39	38	37	36
	49	48	47	46	45	44	43	42	41	40	39	38	37	36	35
	48	47	46	45	44	43	42	41	40	39	38	37	36	35	34
	47	46	45	44	43	42	41	40	39	38	37	36	35	34	33
	46	45	44	43	42	41	40	39	38	37	36	35	34	33	32
	45	44	43	42	41	40	39	38	37	36	35	34	33	32	31
	44	43	42	41	40	39	38	37	36	35	34	33	32	31	30
	43	42	41	40	39	38	37	36	35	34	33	32	31	30	29
	42	41	40	39	38	37	36	35	34	33	32	31	30	29	28
	41	40	39	38	37	36	35	34	33	32	31	30	29	28	27
	40	39	38	37	36	35	34	33	32	31	30	29	28	27	26
	39	38	37	36	35	34	33	32	31	30	29	28	27	26	25
	38	37	36	35	34	33	32	31	30	29	28	27	26	25	24
	37	36	35	34	33	32	31	30	29	28	27	26	25	24	23
	36	35	34	33	32	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22
	35	34	33	32	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21
	34	33	32	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20
	33	32	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19
	32	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18
	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17
	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16
	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15
	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14
	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13
	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12
	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11
	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10
	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9
	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8
	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7
	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6
	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5
	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4
	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3
	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2
	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2	1

Coeficiente de salud.

Edad más próxima





## ANEXO IV

### 1ª. PARTE . SALUD.

#### 1.1 Certificado y Reconocimiento médico.

A todos los participantes en el proceso de selección para Capataces y Combatientes se exigirá un certificado médico realizado en los quince días anteriores a la ejecución de la prueba de aptitud física.

Durante el periodo de prueba del contrato se realizará un reconocimiento médico que cumpla los criterios base que se citan a continuación:

#### 1.2 Criterios Base para el Reconocimiento Médico.

##### 1.2.1 Oftalmología: No padecer.

- Disminuciones de la agudeza visual inferiores a  $\frac{1}{2}$  en el ojo mejor y  $\frac{1}{3}$  en el ojo peor medida sin corrección.
- Retinopatía (se admite la Coriorretinitis Central Serosa).
- Retinosis pigmentaria.
- Hemeralopia.
- Hemianopsia.
- Diplopia.
- Discromatopsias importantes.
- Glaucoma.
- Afaquias pseudoafaquias.
- Subluxación del cristalino.
- Distrofia corneal progresiva o con disminución de la agudeza visual inferior a la permitida.
- Queratitis crónica.
- Alteraciones acomodatorias importantes.
- Dacriocistitis crónica.
- Párpados: Cualquier patología o defecto que impida la protección del ojo a la intemperie.
- Tumores oculares.
- Amputación importante del campo visual en ambos ojos.
- Daltonismo.



### 1.2.2 Otorrinolaringología: No padecer.

- Trauma acústico o sordera profesional: No se admitirán pérdidas mayores a 22 decibelios en la frecuencia 4.000 hertzios una vez descontada la pérdida normal para la edad según normas E.L.I.(Early Loss Index).
- Vértigo.
- Dificultades importantes en la formación.
- Perforación timpánica.
- La agudeza auditiva conversacional será medida según las normas P.C.B.(perdida global binaural) y no se admitirá ningún grado de hipoacusia.
- No se permite audífono.

### 1.2.3 Aparato Locomotor: No padecer.

- Enfermedades y limitaciones de movimientos: No se admitirán grados de movilidad inferiores a:

#### *Extremidades superiores:*

##### *Hombro:*

- Elevación progresiva en anteversión hasta 180°.
- Abducción hasta 120°.
- Dinamometría Escapular menor de 25 kg. en hombres y 15 kg en mujeres.

##### *Codo:*

- Flexión hasta 140°.
- Extensión hasta 0°.
- Supinopronación de 0° a 180°.

##### *Muñeca:*

- Flexo-extensión hasta 120°.

##### *Manos y dedos:*

- Dinamometría: No inferior a 30 kg en cualquiera de las manos en hombres y 15 kg en mujeres.
- Falta o pérdida de mas de 1/3 de la falange distal del primer dedo de una mano.
- Falta o pérdida de cualquier falange de cualquier dedo, excepto la falange distal del quinto dedo.
- Falta de una mano o de cualquier parte de la misma salvo los dedos según se describe anteriormente.


#### *Extremidades inferiores:*

##### *Cadera:*

- Flexión hasta 120°.
- Extensión hasta 10° (mas allá de 0°).
- Tener una extremidad inferior mas corta que la otra (mayor de 1 cm.) previo Rx.

##### *Rodilla:*

- Extensión completa.





- Flexión hasta 130°.
- Lesiones articulares o ligamentosas no reparables.

*Tobillo:*

- Flexo-extensión dorso plantar hasta 145°.

*Pie:*

- Pie zambo.
- Pie plano.
- Pie plano espástico.
- Pie cavus.

*Dedos:*

- Limitación de movimientos que dificulte andar, correr o saltar.
- Falta de cualquier falange de cualquier dedo.
- Dedos en garra que impidan llevar las botas de trabajo.
- Hallus Valgus.
- Dedo de martillo.

*Columna vertebral:*

- Escoliosis mayor de 7°.
- Costilla accesoria que produzca "Robo de Subclavia".
- Hernia discal.

*Enfermedades varias:*

- Fracturas que dejen secuelas y dificulten la función.
- Osteomielitis.
- Osteoporosis.
- Condromalacia.
- Artritis.
- Luxación recidivante.
- Parálisis muscular
- Miptonía congénita
- Cualquier otra enfermedad osteomuscular que limite la movilidad dificultando las funciones del especialista de incendios forestales.

**1.2.4 Aparato Digestivo: No padecer.**

- Cirrosis.
- Hepatopatías crónicas.
- Pancreatitis crónica.
- Úlcera sangrante recidivante.
- Cualquier patología del aparato digestivo o intervenciones quirúrgicas que presenten secuelas funcionales con repercusiones orgánicas y que incidan negativamente en el desempeño de su trabajo.
- Hepatopatías agudas con repercusión enzimática.

### 1.2.5 Aparato Cardiovascular: No padecer.

- Hipertensión arterial mayor de 155/95 mmHg en tres tomas.
- Hipotensión inferior a 90/50 mmHg en tres tomas.
- Insuficiencia cardíaca.
- Infarto de miocardio, ni haberlo sufrido anteriormente.
- Coronariopatías
- Arritmias importantes.
- Cariopatías congénitas y anomalías de grandes vasos, valvulopatías que disminuyan la capacidad cardiovascular del opositor.
- Taquicardia sinusal permanente de mas de 120 latidos por minuto.
- Flutter.
- Fibrilación.
- Síndromes de preexcitación.
- Bloqueo aurículo-ventricular de 2º ó 3º.
- Extrasístoles patológicos.
- Valvulopatías.
- No se admitirán prótesis valvulares.
- Aneurismas cardíacos o de grandes vasos.
- Insuficiencia arterial periférica.
- Insuficiencia venosa periférica que produzca signos o estasis o alteraciones tróficas varicosas importantes.
- Secuelas post-tromboembólicas.
- Defectos y deformaciones de los dedos y/o manos producidos por problemas de circulación, que sean sintomáticos o dificulten la realización satisfactoria de los trabajos del especialista de incendios forestales.
- Pericarditis, endocarditis, miocarditis y miocardiopatías de evolución crónica o que alteren la función cardiovascular.

### 1.2.6 Aparato Respiratorio: No padecer.

- Disminución del VEMS por debajo del 80%.
- EPOC.
- Asma bronquial.
- Atelectasia.
- Enfisema.
- Neumotorax recidivante.
- Otros procesos respiratorios que incidan negativamente en las prácticas físicas a realizar y en las tareas específicas del especialista de incendios forestales.

### 1.2.7 Sistema Nervioso Central: No Padecer.

- Alteraciones del equilibrio, marcha y coordinación psicomotriz que impida el normal desarrollo de la función del especialista de incendios forestales.
- Parkinson, Corea o Balismo.
- Epilepsia.
- Esclerosis múltiples.
- Ataxia.



- Arteriosclerosis cerebral sintomática.
- Vértigo de origen central.
- Síndrome vertiginoso de cualquier etiología persistente.
- Neuropatías periféricas parciales o totales que alteren la sensibilidad o movilidad corporal de forma manifiesta.
- Alteraciones psiquiátricas de base.
- Cualquier grado de hiposmia.

**1.2.8 Piel y Faneras: No Padecer.**

- Cicatrices que produzcan limitación funcional importante y aquellos procesos patológicos que limiten o se agraven con el desempeño de la función del especialista de incendios forestales.

**1.2.9 Aparato Genital:**

- Disgenesias, hipogonadismos y agenesias gonadales y genitales. Hermafroditismo verdaderos en ambos sexos, así como el pseudohermafroditismo y el testículo feminizante en los varones siempre que causen problemas de salud.
- Prolapsos genitales no corregibles en la mujer.
- Hidrocele y varicocele no corregibles en el hombre.

**1.2.10 Sangre y Organos Hematopoyéticos:**

- Leucosis, enfermedades linfoproliferativas y neoplasias eritroides.
- Diátesis hemorrágicas patológicas.
- Síndrome de deficiencia inmunitaria.

**1.2.11 Otros procesos patológicos que impiden el normal desarrollo de las funciones del especialista de incendios forestales: No padecer.**

- Diabetes tipo I o II.
- Diabetes insípida.
- Enfermedad de Cushing.
- Enfermedad de Addison.
- Insuficiencia renal crónica.
- Falta de un riñón.
- Enfermedades renales evolutivas.
- Hemopatías crónicas graves.
- Pruebas analíticas compatibles con patología de base.
- Tumores malignos invalidantes.
- Tuberculosis.
- Hernia inguinal.
- Análisis de orina: Albuminuria y/o Cilindruria importantes.
- No alcoholismo ni drogodependencia.
- Cualquier otro proceso patológico que dificulte o impida el desarrollo de las funciones del especialista de incendios forestales.

## ANEXO V

### 1.3.1 Cuestionario de aptitud para el ejercicio físico (c-aef).

- ¿Le han dicho alguna vez su médico que tiene un problema cardíaco?
- ¿Tiene usted dolores frecuentes en el pecho?
- ¿Siente con frecuencia sensaciones de mareo o amagos de vértigo intenso?
- ¿Le ha dicho algún médico en alguna ocasión que su tensión arterial es demasiado elevada?
- ¿Le ha dicho algún médico alguna vez que padece usted un problema óseo o articular, como artrosis, que se ha agravado con el ejercicio, o que puede empeorar con él?
- ¿Existe alguna razón física no mencionada aquí por la que no debería seguir usted un programa de ejercicio aunque lo deseara?
- ¿Tiene usted mas de 65 años y no está acostumbrado al ejercicio intenso?
- Si alguien responde que si a alguna de estas preguntas, los ejercicios intensos o las pruebas de esfuerzo han de posponerse y debe buscarse autorización médica.

Fuente: PAR-Q Validation Report. British Columbia Department of Health, junio 1975. (versión revisada).



### 1.3.3 Consentimiento con conocimiento de causa. General.

Como parte de este proceso de selección, entiendo que se me pedirá llevar a cabo diversas pruebas para valorar mi nivel de aptitud biológica. Entiendo que estas pruebas serán administradas por personal experimentado. Soy asimismo consciente de que la administración y la ejecución de tales pruebas se han diseñado como un proceso de selección.

Entiendo que tengo libertad para formular cualquier pregunta sobre cualquier prueba. Si por algún motivo no puedo realizar alguna prueba, informare al administrador.

Existen ciertos riesgos asociados con toda valoración. Entre ellos, respuestas anormales de la tensión arterial o de la frecuencia cardíaca, trastornos en los latidos cardíacos, desmayos y en casos raros, ataques cardíacos, apoplejía o muerte. Se harán todos los esfuerzos posibles para minimizar estos riesgos mediante la evaluación de la información preliminar relacionada con el estado de mi salud.

Puesto que mi estado de salud puede afectar directamente a mi seguridad durante el ejercicio, pondré al corriente al administrador de todos mis problemas de salud. Asimismo informaré con prontitud sobre cualquier molestia o dolor asociados con una determinada prueba a los administradores.

La información sobre mí no será revelada a nadie extraño sin mi autorización escrita.

Mi inscripción para participar en este proceso de selección es voluntaria y entiendo que soy libre de retirarme de cualquier prueba, en cualquier momento, por razones de salud.

He leído este formulario y he dado mi consentimiento escrito para participar en este proceso de selección.

Firma

Fecha:

Firma testigo

Sírvase hacer una fotocopia y conservarla.

**SEGUNDO.-** Publíquese no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web anuncio deste procedemento de selección xunto con certificación deste decreto.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Jesús Novo Gómez en Boimorto once de xullo de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 12 de xullo de 2016

V<sup>o</sup> Pr.  
A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez